



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Procedemento Sancionador 3-2024

Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 9 de febreiro de 2024, polo que se incoa un procedemento sancionador en relación coa denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (BNG) contra o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, polos feitos relacionados coas súas manifestacións nunha rolda de prensa o 1 de febreiro de 2024.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 6 de febreiro de 2024, a representante xeral do partido político Bloque Nacionalista Galego (BNG) formaliza unha denuncia contra o presidente da Xunta de Galicia e candidato do Partido Popular, D. Alfonso Rueda Valenzuela (RE 426/2024), ao respecto das declaracións efectuadas por este o 1 de febreiro tras a reunión do Consello da Xunta de Galicia, por unha presunta infracción do artigo 50.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX).
2. O 7 de febreiro de 2024, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS 1121/2024) e á representación xeral do Partido Popular (RS 1122/2024) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do partido Bloque Nacionalista Galego (RS 1123/2024).
3. O 7 de febreiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular formulou alegacións (RE 441/2024). Tamén formulou alegacións o secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia con data 8 de febreiro de 2024 (RE 452/2024).
4. O 9 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral de Galicia estimou a denuncia, declarando que o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, incorreu na prohibición establecida no parágrafo 2 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado o principio de neutralidade política, ordenando a retirada da páxina web da Xunta de Galicia das manifestacións denunciadas e determinando a



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

incoación do correspondente procedemento sancionador contra el, pola presunta infracción do parágrafo segundo do artigo 50 da LOREX.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 18 h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, atribúelle á Xunta Electoral de Galicia a competencia para corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral e, consecuentemente, para resolver esta procedemento sancionador.

O artigo 153.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), regula as infraccións electorais das normas obrigatorias establecidas nela que non sexan constitutivas de delito e establece como sanción, unha multa de 300 a 3.000 euros se se trata de autoridades ou funcionarios.

Visto o art. 50, segundo parágrafo, da LOREX, interpretado polas instrucións 3/2019, do 4 de marzo, e 2/2011, do 24 de marzo da *Xunta Electoral Central*.

Visto o artigo 120 da LOREX, que se remite á lei reguladora do procedemento administrativo común en todo o non expresamente regulado en materia electoral pola primeira.

Visto o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de aplicación supletoria.

A Xunta Electoral de Galicia adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro. Incoar procedemento sancionador en relación co presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela, derivado da denuncia da entidade política Bloque Nacionalista Galego, polos feitos derivados das declaracións efectuadas o 1 de febreiro tras a reunión do Consello da Xunta de Galicia ao respecto da renovación do complemento das pensións non contributivas e a inserción desa nova na páxina web da Xunta de Galicia, por unha posible infracción do art. 50, segundo parágrafo, da LOREX.

Segundo. Nomear instrutora a dona Rosa María Rodríguez Rodríguez, vogal da Xunta Electoral de Galicia, e secretario a don Xosé Antón Sarmiento Méndez, secretario da Xunta Electoral de Galicia. Ambos manifestan a aceptación do nomeamento e declaran non estar incurso en causa de abstención das previstas



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e normativa aplicable.

Terceiro. Conforme ao disposto no art. 64.2.d) da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), o presunto responsable poderá recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no art. 85 da dita lei.

Cuarto. Conforme ao disposto no art. 64.2.f) da LPAC, terá dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento.

Quinto. O presunto responsable poderá exercer o resto dos dereitos previstos no art. 53.2 da LPAC.

Sexto. Comunicarlle este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela, para os efectos do seu coñecemento e, se é o caso, para que poida recusar á instrutora e ao secretario sempre que se dean neles algún dos supostos previstos no artigo 24 da LRXSP. A recusación deberá facerse por escrito dirixido á Xunta Electoral de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 27 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal